

37 CABODANO DO PASAMENTO DE RODOLFO PRADA

Os Peares, 3 de novembro de 2017

Autoridades:

Sra María Soledad Prada, nieta de Rodolfo Prada, y Constanza, biznieta, muchísimas gracias por poder contar con su presencia.

Amigos e amigas:

Hai un ano, xuntabámonos neste mesmo sitio, a sede do Consorcio dos Peares, para cumprir a totalidade do fallo do Xurado do Premio Ourensanía -galardón instituído polo Goberno da Deputación de Ourense- que recaerá daquela, na edición de 2016, no produtor cinematográfico José Sousa, celanovés afincado en Venezuela.

Como todos vostedes saben, o Premio Ourensanía está destinado a enaltecer a persoas, colectivos e institucións que, ó longo dunha traxectoria considerable, teñan destacado, polo seu labor e plena dedicación, en calquera dos campos da actividade humana, na economía, na industria, na acción social, na cultura, na investigación, na conservación da natureza, no deporte...e tamén nos distintos eidos da creatividade, artes plásticas, música, literatura, teatro, audiovisual, etc, etc.

Xa que logo, a ourensanía, como sentimento integrador da galegitude, non ten fronteiras, existe e latexa aquí, no territorio da provincia de Ourense, no resto de Galicia, en España, en Europa, e Iberoamérica e en calquera outra parte do mundo onde haxa un home ou unha muller que se recoñezan como ourensás, que respondan á chamada desta terra, do que nos caracteriza e distingue, mesmo sen ter nacido en Ourense. Esa, e non outra, é a verdadeira Ourensanía.

Pois ben, volvendo á sexta edición do Premio, o Xurado, que me honro en presidir, acordou recoller a proposta do escritor e profesor Luís González Tosar -membro do mesmo e redactor, en 2005, do Manifesto da Ourensanía- de ampliar o galardón para darlle un carácter histórico que permitise rescatar a memoria e a obra de ilustres fillos de Ourense, falecidos, que tivesen contribuído ó engrandecemento da propia ourensanía, desde calquera ámbito e en calquera parte do mundo.

E así, o primeiro distinguido coa **Ourensanía de Honor**, por unanimidade, foi Rodolfo Prada Chamochín, nado nesta localidade dos Peares, concello da Peroxa, hai 125 anos, o 28 de agosto de 1892, e finado en Bos Aires o 3 de novembro de 1980, de quen celebramos, hoxe, o 37 cabodano. Entre os moitos méritos deste persoeiro do galeguismo político e cultural, que emigrou á Arxentina en 1902, cos seus país e irmáns con apenas dez anos, destaca tamén o seu circio ourensanismo.

A traxectoria de Prada na Arxentina comeza en Mendoza, ó pé da imponente cordilleira dos Andes, e interrómpeuse en 1910, cando regresa a Ourense para cursar estudos no colexio dos Maristas e na Academia Villar.

A finais de 1911 volve a Mendoza, onde se emprega no Banco Anglo-Sudamericano, ó tempo que completa a súa formación con estudos comerciais e humanidades.

En 1918 pasa a residir en Bos Aires que, naquela altura, recibía centos de miles de galegos na procura dun traballo que lles permitise un benestar do que carecían na súa terra. Será entón cando simpatice coas ideas das Irmandades da Fala. Activismo materializado na fundación da primeira Casa de Galicia, na que exerce como secretario. Nesta altura chega á capital porteña outro grande ourensán, Eduardo Blanco-Amor, con quen Rodolfo Prada traba amizade e colaboración, irmandade que manterán ó logo da vida.

Tal é a súa valía que, en 1919, convence a outros dous paisanos, tamén ourensás, Luís López e Manuel Dávila, para levar a cabo a “Asociación Protectora da Real Academia Galega en Bos Aires” desde a que procura apoio económico destinado á RAG e promove actividades a prol da nosa lingua, do idioma galego. O esforzo de Prada, o seu empuxe desde esta Asociación, da que case nunca se fala, levan a Manuel Murguía, patriarca das Letras e primeiro presidente da Academia, a propolo, en 1922, como correspondente da docta institución. Xa que, por residir fóra, non pode ser membro numerario.

Durante as décadas dos 20 e dos 30, á súa actividade súmase o xornalismo. Estará presente, ben como fundador, director ou colaborador, nas principais cabeceiras da emigración: “Acción Gallega”, “ Correo de Galicia”, “ A Nosa Terra”, “ Opinión Gallega”, “El Orensano”, “Mundo Gallego” e

importantes revistas, como “Galicia”, de carácter mensual, órgano do Centro Galego de Bos Aires, do que foi secretario.

A figura de Prada cobra unha dimensión fundamental a partir de 1931. Data na que viaxa a Galicia para asistir ó congreso constitutivo do Partido Galeguista, como representante, xunto con Ramiro Isla Couto, da emigración.

É o comezo da súa amizade e lealdade absoluta con Daniel Alfonso Rodríguez Castelao. Tal é así, que, antes do seu asentamento definitivo no Plata, Castelao informa puntualmente, nunha fluída correspondencia, a Prada das vicisitudes persoais e políticas polas que vai pasando como exiliado.

En resume, Prada participou, dunha ou doutra maneira, desde América, en todos os movementos que conforman a actividade galeguista do século XX; desde as Irmandades da Fala, en 1918, ata a transición política e a autonomía, en 1980, ano da súa morte.

Pasando antes por un estreito contacto cos homes da Xeración Nós, o labor do PG, a campaña do Estatuto e o plebiscito, en 1936, a acollida ós exiliados e a recuperación cultural, en Bos Aires, a Galicia Ideal, os conflitos cos galeguistas do interior, nos que foi mediador válido e, sobre todo, o ser home de confianza de Castelao e xestionar, como albacea, o seu legado.

O seu ourensanismo militante, o orgullo da terra nai, o ser de aquí, de onde conflúen as augas do Miño e do Sil, acompañou a Rodolfo Prada, fundador e cerne do Centro Ourenano.

Percorreu practicamente toda América: desde a Arxentina ó Uruguai, de Chile ó Perú, desde o Brasil a Venezuela, de Colombia a Cuba e Santo Domingo...Foi un dos ourensás máis universais, o que mellor entendeu Iberoamérica, porque a amou.

Desde a Deputación de Ourense mantemos o noso compromiso con Rodolfo Prada, que non conclúe hoxe, nin moito menos, Antes de rematar este 2017, aquí nos Peares, diante do predio onde estivo a casa na que naceu, preto da estación, inauguraremos un monumento na súa lembranza da autoría do grande escultor Manuel Buciños.

Para que as novas xeracións saiban quen foi Rodolfo Prada; un ourensán exemplar que soñou e viviu, desde calquera parte de América, sempre ENCOL DE GALICIA.

Moi bos días. Moitas grazas!

Viva Rodolfo Prada!